

KAMIKAZE



Coprodución do
Centro Dramático Galego e Pistacatro

| PRESENTACIÓN |

Kamikaze é un espectáculo cómico dirixido a todos os públicos no que están presentes teatro, novo circo, ilusionismo e música en directo. Primeiro espectáculo de novo circo no Salón Teatro, a homenaxe a un amigo falecido, o Sr. Kamikaze, é o pretexto para que o espectáculo cobre vida por medio dunhas misteriosas personaxes, que se dan cita nunha cerimonia que repiten solemnemente cada ano para mostrar o seu pesar, ao tempo que defenden un modo de vida artística tan arriscado como persoal.

Este será o punto de partida do espectáculo. Sete persoas que proveñen do circo, do teatro e da música e que, arredor do concepto *kamikaze* e partindo dunha intención, ensamblan as súas experiencias e coñecementos individuais nunha montaxe innovadora e multidisciplinar.

Con *Kamikaze*, o Centro Dramático Galego retoma a coprodución con compañías privadas que fora unha liña importante de traballo nos seus inicios. Este acto recíproco non só favorecerá e dará un novo pulo aos grupos galegos, senón que tamén abrirá o Centro a novas experiencias e propostas.

| FICHA ARTÍSTICA |

Dirección e dramaturxia	Hernán Gené
Autoría	Pistacatro Produtora de Soños e Hernán Gené
Coprodución	Centro Dramático Galego

Elenco

Antón Coucheiro
Borja Fernández
Manuel Lago
Alfonso Medina
Xabier Mera
Natalia Outeiro “Pajarito”
Pablo Reboleiro

Axudante de dirección	Marta Pazos
Coreografías	Pistacatro, Hernán Gené e Marta Pazos
Produtor	José Díaz
Preparación física	Uxía Vaello e David Loira
Preparación rítmica	Marcos “Ptt” Carballido
Preparación vocal	Nuria Gullón
Escenografía, atrezo e vestuario	Carlos Alonso
Atrecistas	José Perozo e Santos Carrera
Auxiliares de escenografía e atrezo	María Chenut, Pepe Guitián e Miguel Iborra
Xastra	Cloti Vaello
Deseño de iluminación	Alfonso Castro
Efectos especiais	Spencer SFX e José Perozo
Música orixinal	Xabier Mera, Borja Fernández (elexías) e José Díaz (canción de Serafín Gris)

| FUNCÍONS |

No Salón Teatro de Santiago de Compostela, do xoves 14 de xuño ao sábado 16 ás 20.30 horas e o domingo 17 ás 18.00 horas.

Estrea: xoves 14 ás 20.30 horas.

As entradas poranse á venda no despacho de billetes do Salón Teatro desde dúas horas antes do comezo. O prezo das localidades é de 10 euros cun desconto do 40% para estudantes, maiores de 65 anos e titulares do carné xoven. O domingo, día do espectador, 5 euros.

| AUTORÍA |

Pistacatro Produtora de Soños

Pistacatro Produtora de Soños S.L. preséntase como unha empresa innovadora e competitiva, tanto nos seus produtos como nas súas propostas, que se basean na mestizaxe de circo, teatro, música e danza, tendencia que polo momento non é seguida no ámbito galego, e que si se está a desenvolver noutros panoramas escénicos, tal e como podemos advertir en Cataluña, Euskadi ou Francia.

O Novo Circo é unha disciplina artística emerxente. O seu maior atractivo é a capacidade de cautivar a novos públicos de todas as idades, que non acoden habitualmente aos teatros, ademais do fomento do acceso á cultura e da súa alta adaptabilidade a espazos non convencionais.

No momento de constituírse como compañía, Pistacatro está avalada por un colectivo máis amplo, cunha traxectoria artística de sete anos ás súas costas, e pola federación de asociacións galegas de Novo Circo que vén de crearse para impulsar este tipo de iniciativas no noso país.

O crecemento e a proxección exterior forman parte do punto de mira de Pistacatro, xunto coa renovación e a ampliación de ofertas culturais en Galicia, de xeito que espectáculos innovadores e feitos en galego poidan ter unha saída comercial fóra. Para acadar este obxectivo, conta con varias circunstancias favorables, xa que o Novo Circo goza dunha grande aceptación en todo o mundo, e a universalidade e a comunicación directa están implícitas na linguaxe visual e no humor.

Todos os membros da compañía tiveron experiencias artísticas no estranxeiro, en países coma Brasil, Gran Bretaña, Francia, Arxentina, India, Portugal, República Checa, Mozambique, Cuba, Rusia e Alemaña, experimentando a súa capacidade para expresarse e comunicarse con públicos de diferentes continentes e culturas. Nalgúns destes países, manteñen ademais importantes contactos con artistas, así como con programadores e promotores culturais.

| COPRODUCCIÓN |

Centro Dramático Galego

Unidade de produción teatral -compañía de teatro- adscrita á Xunta de Galicia, o Centro Dramático Galego comezou a súa traxectoria en 1984 co obxectivo de contribuír á normalización e regularización da actividade teatral galega. Desde entón, o CDG vén desenvolvendo un constante traballo de produción e distribución de espectáculos teatrais.

Foi en 1991 cando a compañía pública se presentou diante dos espectadores como centro -artístico- de produción do Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais. A súa adscrición a este organismo da Consellería de Cultura e Deporte facilitou a consolidación do teatro institucional como un proxecto complementario e harmónico respecto do resto da escena galega.

Nestes máis de 20 anos de historia, as principais liñas de programación do Centro, cunha media de tres producións por tempada, apuntaron cara a varias direccións: recuperación dos nosos autores fundamentais, presenza dos dramaturgos galegos contemporáneos, incorporación á escena galega de grandes nomes da literatura dramática universal de todos os tempos, promoción do teatro infantil e proxección exterior do noso teatro, entre outras.

O sistema habitual de funcionamento da compañía é o concurso dun director de escena convidado, xunto co elenco interpretativo e o equipo artístico que se contratan segundo as necesidades de cada unhas das producións. Nelas tamén se involucra un equipo técnico do IGAEM (talleres, son e iluminación, estrutura escénica, tremoias, vestiario etc.).

O CDG encárgase ademais da xestión do Salón Teatro de Santiago, único espazo de exhibición escénica de titularidade exclusiva da Xunta de Galicia e no cal a compañía pública desenvolve desde 1999 un amplo periodo de representacións con cada un dos seus novos espectáculos.

As últimas representacións do CDG foron *A piragua* (2007) de Cándido Pazó, *Tarará-Chis-Pum* (2007) de Artello Teatro Alla Scala 1:5, e *O regreso ao deserto* (2006) de Bernard-Marie Koltès, baixo a dirección de Cristina Domínguez Dapena.

| DIRECCIÓN |

Hernán Gené

Actor, director, dramaturgo e pedagogo. Tras ter reunido experiencia no teatro comercial, o cine e a televisión para finais dos anos 70 e principios dos 80, e con diversos e prestixiosos mestres, comeza, a partir de 1984, a explorar o terreo do Clown de Teatro, fundando xunto a outros compañeiros, o grupo El Clu del Claun, e máis tarde o colectivo La Cuadrilla. A partir de 1991 comeza paulatinamente a afastarse do teatro exclusivamente de humor buscando novas formas de expresión, participando en diversos seminarios co Odin Teatret de Dinamarca e adestrando con Guillermo Angelelli.

Nese camiño, que o leva a Indonesia en busca de distintas formas de teatro, prodúcese, en 1997 o seu terceiro encontro co grupo vasco Ur Teatro, ao que se incorpora como actor para a montaxe de *Trabajos de amor perdidos* de W. Shakespeare e como guía de adestramento en xira. Participa na XII Sesión da ISTA (International School of Theatre Anthropology), que dirixe Eugenio Barba, e na Odin Week de agosto de 2002.

Residente en Madrid desde 1997, o arxentino Gené recibiu fai dous anos o Premio Max ao Mellor Espectáculo de Teatro por *Sobre Horacios y Curacios*, de Bertolt Brecht coa compañía Teatro de La Abadía.

| O ELENCO |

Antón Coucheiro

Actor, bailarín e clown. Licenciado en CC. Políticas. Estudou en Espacio Aberto, na escola de teatro non verbal HAMU de Praga e na escola de circo Fundação Progreso de Río de Xaneiro. Clown con Leo Bassi, Jango Edwards, P. Gaulier, C. Colombaioni, etc e múltiples cursos de danza, circo e teatro.

Fundador da compañía Arrepentimentos de Padrón, traballou con Chévere, Quinquilláns, A Factoría, Matarile, Centro Dramático Galego, coa coreógrafa rumana Ioana M. Popovici e coa brasileira Déborah Colker no Carnaval de Río. Con estas compañías, e con espectáculos propios actuou en España, Portugal, Mozambique, Brasil, Praga, Cuba e Nova York.

Borja Fernández

Actor, músico, cantante de rock e clown. Licenciado en Historia da Arte. Estudou cos mellores mestres de clown, tales como Jango Edwards, Eric de Bont ou Leo Bassi, ademais de formarse en teatro e danza contemporáneas.

Fundador da compañía Belmondo e da compañía Arrepentimentos de Padrón, coas que xirou por España, Portugal, Mozambique e a República Checa. Colaborou co grupo Chéveres e con Trigo Limpo-ACERT, ademais de actuar no espectáculo do Centro Dramático Galego "Illa Reunión", dirixido por Ana Vallés. É o vocalista e letrista do grupo de rock vigués "Es un árbol". Actuou, á súa vez, en varias curtametraxes e series de TV.

Manuel Lago

Malabarista, músico e clown. Licenciado na escola Circus Space de Londres. Estudou Bioloxía e sete anos de piano no Conservatorio de Música de Vigo. Estudou na escola de teatro Espacio Aberto e realizou numerosos cursos de clown, teatro e circo.

Fundou a compañía Malabaranda e montou a súa compañía en solitario Manualidades. Actuou en numerosos festivais en España, Portugal, Gran Bretaña, Francia, Holanda, Cuba...

Alfonso Medina

Malabarista, acróbata e clown. Estudou na Escola Municipal de Circo de Alcorcón “Carampa” e na Escola de Circo Criollo de Buenos Aires. Licenciouse na Circus Space de Londres.

Traballou coa compañía inglesa de Novo Circo BOSI e fundou a compañía Three, Two, Board. Con estes e outros espectáculos xirou por países como Gran Bretaña, España, India, Arxentina, Francia, Cuba, Bélxica e Suecia.

Xavier Mera

Músico, clown e estudante de último ano de filoloxía galega. Estudou técnicas corporais en Espacio Aberto, así como na Escola de Jazz Taller de Musicais de Barcelona. Actualmente está desenvolvendo o proxecto de doutorado en artes escénicas no departamento de galego da Universidade de Barcelona. Co-fundador de compañía de clown Chispa y Gas, formou parte de varios grupos musicais cos que xirou por España e Portugal.

Natalia Outeiro “Pajarito”

Actriz e clown. Estudante de último ano de psicoloxía. Formouse na Escola de Teatro e Danza Contemporáneos Espacio Aberto, na escola de danza DAMU de Praga e na Escola de Circo Criollo de Bos Aires, ademais de facer numerosos cursos de clown, danza contemporánea e acrobacia. Participou no espectáculo Tentacular co grupo Chéveres e levou o seu espectáculo individual por cafés-teatro, salas e rúas de España, Cuba, Rusia, Praga e Bos Aires.

Pablo Reboleiro

Malabarista, acróbata e clown. Licenciado en Matemáticas. Estudou na Escola de Teatro e Danza Espacio Aberto de Compostela; licenciouse en Circo na escola Circus Space de Londres e pasou un ano na Escola de Circo Criollo de Bos Aires.

Fundador da compañía Malabaranda, traballou con The Gandini, Three Two Board, no espectáculo “Tentacular” co grupo Chévere, ademais de ofrecer espectáculos propios en solitario en España, Gran Bretaña, Cuba, Francia, Brasil, Rusia ou India.